

Data: 26/3/2017

Hora: 11.30 am

Lugar : Barrantes

Nº Asistentes: 12

Nº Acta: 2a Asemblea

Orde do día : 2a Asemblea Ordinaria de Somos Ribadumia:

- 1- Trabáballo realizado no Concello/ Somos Ribadumia.
- 2- Valoración Pacto de Goberno.
- 3- Contas.
- 4- Varios.

1a- Traballo realizado no Concello:

- a. Informouse a Asemblea de tódalas obras e melloras realizadas no Concello neste ultimo ano.
- b. Informouse a Asemblea das obras e melloras que se van a realizar o ano en curso. Tales como a ampliación dos servizos sociais o aparcadoiro da Igrexa de Barrantes, o tramo de beirarrúa da Torre e outros.
- c. Informouse a Asemblea dos pasos que se deron este ano en Servizos sociais tales coma o traslado a antiga casa das mulleres rurais, a modificación do Fogar dos maiores, apoio a creación do ESMAR, a cesión do centro de saúde e outros.
- d. Informouse a Asemblea dos pasos que se van dar este ano no ámbito de Servizos Sociais tales coma a ampliación do edificio de Servizos Sociais, unha nova normativa de emerxencia social, unha normativa para a axudas a contratación e outros.
- e. Informouse a Asemblea dos pasos que se axudaron a dar noutras Concellerías tales como a festa do Viño Tinto, na crecente oferta cultural, inversión en maquinaria, mellora da xestión interna etc.

1b- Traballo realizado en Somos Ribadumia:

- a. Informouse a Asemblea de tódolos traballos realizados o largo deste ultimo ano no seno de Somos Ribadumia tales como: A comisión reuniuse un total de 23 veces de forma ordinaria e 3 de forma extraordinaria, creouse unha web propia, enviáronse dous boletíns aos veciños de Ribadumia, propuxéronse varias mocións, desarolouse unha normativa para axudas a contratación, e estase a desrolar unha moeda social e unha nova normativa de emerxencia social.

2- Valoración Pacto de Goberno:

- a. Informouse a Asemblea das tres reunións que a Comisión Executiva mantivo a petición propia cos socios de goberno nas cales se intentou mellorar o funcionamento orgánico do tripartito. En lineas xerais valorase de forma positiva a marcha do goberno no Concello de Ribadumia.

3- Contas:

- a. Informouse a Asemblea dos gastos e ingresos deste ano da Plataforma Cidada. Ademais disto déronse os pasos necesarios para abrir unha conta para Somos Ribadumia. O estado pagou o 81% da subvención electoral. A Asemblea tomou a decisión de crear un fondo para os gastos electorais da próxima campaña. As contas foron aprobadas por consenso.

4- Varios:

- a. A asemblea preguntou a Comisión executiva polos seguintes temas: A Festa do Viño Tinto, o edificio de Valiñas mais polos accesos o CPI Xulia Becerra Malvar.

A Asemblea aproba/valida o traballo realizado pola Comisión Executiva de Somos Ribadumia.

Fin da Asemblea as 13.30 pm